

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

ASUNTO.- DESIGNACIÓN MEMBROS DO TRIBUNAL CUALIFICADOR NO PROCESO SELECTIVO, DE 10 TRABALLADORES PARA AS BRIGADAS DE PREVENCIÓN E DEFENSA DE INCENDIOS FORESTAIS PARA O CONCELLO DE LOBIOS

Vista a proposta de membros realizada pola Excm. Deputación Provincial de Ourense para formar parte do Tribunal que levará a cabo a selección de dez traballadores para as brigadas de prevención e defensa de incendios forestais do Concello de Lobios, en réxime de persoal laboral temporal, segundo as Bases aprobadas por Resolución de Alcaldía de data 27 de xuño de 2016.

Visto o disposto na Base novena das que rexen a presente contratación, e en uso das facultades que me confire o artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local, así como no artigo 61.1.h) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia,

RESOLVO

PRIMEIRO.- Nomear como membros do tribunal cualificador das probas selectivas para prover polo sistema de contratación laboral temporal de dez traballadores para as brigadas de prevención e defensa de incendios forestais do Concello de Lobios ás seguintes persoas:

TRIBUNAL TITULAR:

Presidente: D. Manuel Ángel Rodríguez Rodríguez, xefe do Servizo de Medio Rural da Deputación

Secretaria: Dna. M^a Rosario Fernández Gómez, auxiliar do Negociado de Procesos Selectivos da Deputación

Vogais:

-D. José Fírvida Rodríguez, xefe do Parque de Maquinaria da Deputación

-Dna. Eva María Barrio López, xefa do Negociado de Zonas Verdes da Deputación

-D. César Enríquez Diéguez, supervisor de Zonas Verdes da Deputación

TRIBUNAL SUPLENTE:

Presidente: D. Angel Gumersindo González González, director da Rede de Centros de Recollida de Animais Abandonados da Deputación

Secretaria: Dna. M^a Angela Garrido Movilla, xefa do Negociado de Administración e Control da Deputación

Vogais:

-D. Luis Salgado Vázquez, xefe do Negociado de Servizos Intermunicipais da Deputación

-D. Alberto González López, oficial de Tecnoloxías Ambientais da Deputación

-D. José Manuel Prado Lorenzo, xefe do equipo de Maquinaria de Cooperación da Deputación.

SEGUNDO.- Convocar ás anteditas persoas para as **10:00 horas o día 13 de xullo de 2016**, coa finalidade de proceder á realización da proba práctica correspondente á fase de oposición, así como á avaliación en fase de concurso do currículo dos/as candidatos/as presentados/as, levantando acta cos resultados das probas realizadas así como de valoración de méritos e elevar a correspondente proposta de contratación á Sra. Alcaldesa.

TERCEIRO.- Notificar a presente resolución aos/ás interesados/as.

Lobios, 7 de xullo de 2016

O Tenente de Alcalde, P.D


Jesús Rodríguez Rodríguez

Ante min, a Secretaria,


María del Carmen Rodríguez Fernández